EXPEDIENTE 2025/G010/000014. PLENO SESIÓN ORDINARIA 9 DE OUTUBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/15

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 9 de outubro de 2025
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 22.02 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000009. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 7 de xullo de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000010. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 10 de xullo de 2025. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2025/G010/000011. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria de Moción de censura do 12 de agosto de 2025. Aprobación da acta da sesión.

4 EXPEDIENTE 2025/G010/000012. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 4 de setembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5 EXPEDIENTE 2025/G014/000001. Regulamento réxime interior Punto de Atención á Infancia (PAI). Aprobación modificación.

6 EXPEDIENTE 2025/G016/000001. Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal. Modificación do artigo 28 (tarifas para o ano 2026).

II PARTE DE CONTROL

7 EXPEDIENTE 2025/G006/000278. Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de setembro e o 5 de outubro de 2025. Toma de razón.

8 Mocións.

8.1. Moción do Grupo Municipal do BNG sobre o destino dos fondos do novo Plan POS + Adicional ao arranxo da piscina municipal.

9 Rogos e preguntas.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000009. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 7 DE XULLO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

07.07.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 7 de xullo de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000010. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 10 DE XULLO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

10.07.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 10 de xullo de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2025/G010/000011. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DE MOCIÓN DE CENSURA DO 12 DE AGOSTO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

12.08.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria de moción de censura do Pleno do Concello que tivo lugar o 12 de agosto de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 EXPEDIENTE 2025/G010/000012. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 4 DE SETEMBRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

04.09.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 4 de setembro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

5 EXPEDIENTE 2025/G014/000001. REGULAMENTO RÉXIME INTERIOR PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI). APROBACIÓN MODIFICACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa celebrada o 6 de outubro de 2025, que é obxecto de resumo por parte do Sr. alcalde.

ANTECEDENTES

11.07.2024. O Pleno da Corporación do Concello de Touro aprobou as Normas de Funcionamento (RRI) do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Touro.

03.06.2025 Recibiuse a acta de inspección do PAI realizada pola Xunta de Galicia onde consta que "*As entidades beneficiarias titulares das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia ofertarán o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas diarias. "*

Por parte do Alcalde asinouse as Normas de Funcionamento (RRI) do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Touro, elaborado polo persoal municipal que xestiona o PAI, para remitilo á Xunta de Galicia para proceder ao seu visado polos servizo de inspección da Xunta de Galicia, facendo as seguintes modificacións, que afectan exclusivamente a temas de horarios.

Artigo	Redacción actual	Nova redacción
8	1. O PAI atópase aberto todo o ano de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas 2. O centro reduce o seu horario de 8.30 ata as 14.30 hs do serán nos meses de xullo e agosto, segundo o artigo 22 do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Touro, aprobado o 30 de decembro de 2020 e publicado no BOP nº 87 do 11 de maio de 2021.	1. O PAI atópase aberto todo o ano de luns a venres de 07.30 a 15.30 horas. 2. Suprímese.
9	1. O horario máximo de permanencia dos	1. O horario máximo de permanencia dos

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	nenos/as no centro será de sete horas diarias. 2. Os usuarios/as poden facer xornada completa ou media xornada, cunha estancia mínima no centro de 3 horas.	nenos/as no centro será de oito horas diarias. 2. Os usuarios/as poden facer xornada completa ou media xornada.
14.4	Servizo de Horario amplo Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente, o determinen. O centro non oferta este servizo, mantense aberto 7 horas.	Servizo de Horario amplo Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente, o determinen. O centro non oferta este servizo, mantense aberto 8 horas.

25.09.2025 A Xefa de Servizo de inspección da Xunta de Galicia procedeu ao visado e sinatura do citado documento.

Estes requisitos son imprescindibles e previos a aprobación das citadas normas polo Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONOMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

SEGUNDA. **Procedemento de aprobación de Ordenanzas e regulamentos.**

O artigo 4 da LRBRL, recoñece ás entidades locais as potestades regulamentaria e de autoorganización.

En realidade non existe unha distinción de natureza xurídica entre a Ordenanza e o Regulamento, senón que a diferenza entre ambos os conceptos é puramente terminolóxica.

Así, fálase de Ordenanzas cando se trata de disposicións que regulan condutas ou relacións entre as entidades locais e os cidadáns, e de Regulamentos cando son disposicións de organización dos servizos internos das entidades locais. Por tanto, mentres que a Ordenanza dispón determinadas obrigacións á xeneralidade da veciñanza e ás persoas que transitoriamente se atopen no seu ámbito territorial de aplicación, o Regulamento regula servizos de réxime interior.

De conformidade cos Art. 49 e 70.2 da LRBRL, o procedemento para a elaboración e aprobación das Ordenanzas e Regulamentos locais efectúase conforme a seguinte tramitación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1. O procedemento iníciase de oficio, ben por acordo da Corporación ou por resolución do Presidente –Alcalde, Presidente da Deputación ou da entidade local de que se trate–.

2. O Pleno da Corporación aproba inicialmente o expediente.

3. Posteriormente será sometido a información pública e audiencia dos interesados durante o prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

4. Resoltas, no seu caso, todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, será aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación.

5. Por último, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o texto completo do Regulamento.

TERCEIRA. Referencia ao trámite de participación cidadá na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "*planificación normativa*" e "*participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. Entrada en vigor e vixencia.

A aprobación ou modificación dun regulamento non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma)

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

QUINTA. Contido material da aprobación do regulamento proposto.

Ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Touro (PAI). O Punto de Atención á Infancia conta cunha unidade 0-3 e 20 prazas autorizadas.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (PAI), cuxo texto íntegro figura como anexo.

SEGUNDO. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.

CUARTO. Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO (RRI) DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA – PAI DO CONCELLO DE TOURO

INDICE

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Capítulo III. Obxectivos do PAI

Capítulo IV. Horario de apertura

Capítulo V. Horarios de permanencia dos nenos/as

Capítulo VI. Referente ás Familias

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas

Capítulo IX . A lingua

Capítulo X. Persoal

Capítulo XI. Réxime de cobramento

Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene

Capítulo XIII. Libro de Reclamacións

Capítulo XIV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento

Capítulo XV. Normativa de Aplicación

Capítulo I. Obxecto e ámbitos de aplicación

Artigo 1º

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Touro (en adiante, PAI).

O Punto de Atención á Infancia conta cunha unidade 0-3 e 20 prazas autorizadas.

Artigo 2º

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas os Puntos de atención a primeira infancia que se configuran como aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos.

O obxecto destes Puntos de Atención á Infancia é a prestación dunha atención educativa e asistencial en concellos que pola súa baixa poboación infantil ou outras circunstancias económico-sociais, necesitan prazas para a atención do colectivo de nenos/as entre 0 e 3 anos pero non precisan crear escolas infantís 0-3. Atendida a súa concepción como instrumento de desenvolvemento rural autorizaranse, analizadas as condicións anteriores, en concellos con menos de 5.000 habitantes. En concellos con maior poboación a autorización estará vinculada á necesidade de novas prazas asistenciais e á súa complementariedade coas ofertadas polas escolas infantís 0-3

Artigo 3º

Os PAI teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais/nais, titores/as ou gardadores dos/das nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Artigo 4º

DATOS IDENTIFICADORES DO CENTRO

NOME DO CENTRO: Punto de Atención á Infancia.- PAI do concello de Touro

Enderezo: Rúa Castelao nº 50. 15822- Touro

Teléfono e fax: 981504155

e- mail: pai@concellodetouro.gal

Web: www.concellodetouro.com

DIRECTORA: Eva María Varela Ares

TITULARIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

ENTIDADE TITULAR: Concello de Touro

NIF: P1508600B

REPRESENTANTE LEGAL: Alcalde/ Alcaldesa do Concello de Touro

Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS: E-424 C-2

AUTORIZACIÓNS

Data do Permiso de Inicio de Actividades.- PIA: 01/12/2005

TIPO DE XESTIÓN: Directa

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Artigo 5º

Poderán solicitar praza no PAI os nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso no PAI só se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza / matrícula, as Normas de Funcionamento da escola infantil. A escola facilitaralle, polos medios acordados, as presentes Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores. Atenderase as solicitudes segundo o baremo establecido. No caso en que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda. Asi mesmo, facilitarase as familias das persoas usuarias, un xustificante no que conste o número de inscrición da solicitude. No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada. Se o neno/a non se incorporara a escola, perdería a praza e non se devolverá a cota aboada para a súa reserva/matrícula, agás causa xustificada de atraso na súa incorporación

Artigo 6º

1. Reserva de Praza

O prazo de solicitude de praza abrirase **o 1 de xullo e rematará o 31 de maio do ano seguinte.**

Todos os pais e nais , titores/as e representantes legais que queiran solicitar praza deberán facelo telefonicamente ou achegarse ao centro e realizar a inscrición. Unha vez aceptados, durante o mes de xuño farase unha entrevista inicial e aportaráselle o RRI para que o revisen.

No mes de setembro, durante o proceso de adaptación, procederase á formalización da matrícula.

Todos os nenos e nenas que non obteñan praza, teñen dereito a solicitar lista de espera, non tendo compromiso algún de aceptación da praza no caso de que quedase unha vacante.

O sistema para dar de baixa definitiva no centro a un alumno/a, será por escrito, por parte das familias, con 15 días de antelación.

2. SISTEMAS DE ADMISIÓN E BAIXAS

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación.

O sistema de admisión e adxudicación de prazas realizarase segundo o baremo establecido.

Teñen prioridade os empadroados no Concello de Touro.

No caso de que haxa lista de espera, o criterio de adxudicación das prazas vacantes será dar preferencia aos nenos/as xa matriculados no curso anterior.

Se aínda quedan vacantes, aplicarase o seguinte baremo de puntuación:

BAREMO

1º SITUACIÓN FAMILIAR

-Usuarios/a afectados/as por incapacidades e/ou discapacidades por: 6 puntos

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

-Pola ausencia no fogar dos dous membros parentais: 5 puntos

-Por circunstancia familiar grave debidamente acreditada (enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogadicción , etc) : 4 puntos

-Pola condición de familia monoparental: 3 puntos

-Pola condición de familia numerosa: 2 puntos

-Por irmán/á ou irmáns/ás con praza renovada no centro: 1 punto

2º SITUACIÓN LABORAL

-Situación laboral de ocupación dos dous membros parentais (inclúese a situación de familia monoparental): 6 puntos

-Situación laboral de ocupación dun dos membros parentais: 5 puntos

-Pais, nais , titores/as e representantes legais persoal de empresas situadas no Concello de Touro: 3 puntos

-Situación laboral de desemprego dos dous membros parentais: 2 puntos

-Situación de desemprego dun dos dous membros parentais: 1 punto

3. DEREITO DE ADMISIÓN

O PAI resérvase o dereito de admisión e o dereito á non renovación ou nova matriculación de aqueles/as alumnos/as que non respectasen a normativa do centro ou os que non asinen a aceptación da mesma no momento de formalizar a matrícula.

A documentación necesaria para a matrícula será:

a) ficha de datos cuberta polas familias: pais/nais, titores/as e representantes legais

b) DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais

c) autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, etc…asinado polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a

d) informe médico, de ser o caso, das alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole.

e) cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite

f) fotocopia do libro de familia onde apareza rexistrado o neno/a

g) sentenza de demanda de divorcio e escrito dun xuíz ou do persoal de benestar social que leve o caso, se fose preciso, especificando quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas etc

h) 4 fotos carné do neno/a

4. PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓNS

1. Os nenos e nenas que renoven praza no centro, entregarán no mes de setembro, a seguinte documentación : 4 fotos actuais, cartilla de vacinación actualizada e, se procede, un informe médico (aparición de intolerancias, alerxias, etc)

- CASOS ESPECIAIS

As familias que decidan matricular aos seus fillos/as e que a día 1 de setembro non puidesen comezar o curso centro só se poderán incorporar máis tarde no caso de que houbese vacantes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- MATRÍCULA

A matrícula formalizarase por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais cando:

- Se entregue a documentación requirida polo centro e se completen os datos.

O centro entregará no momento da formalización:

- ✓ Unha copia da matrícula selada e asinada polo centro

- VACACIÓNS

Cada usuario/a ten dereito a 1 mes de vacacións. Como o centro permanece aberto todo o ano, cada familia debe planificar o período vacacional de cada neno/a que terá que ser como mínimo de 5 días consecutivos. Así mesmo, deberá comunicalo ao centro, como mínimo, con dous días de antelación.

5.CAUSAS DE BAIXA

- Fin do 1º ciclo de educación infantil (último día hábil do mes de agosto)
- Solicitude dos pais, nais, titores/as ou representantes legais, con quince días de antelación.
- Circunstancias laborais dos pais, nais, titores/as ou representantes legais
- Problemas de saúde do/a neno/a
- Incumprimento das normas do centro
- Por comprobación de falsidade dos datos dos documentos que sexan facilitados polos pais/nais, titores/as ou representantes legais
- Por incompatibilidade e inadaptación para permanecer no Punto de Atención á Infancia.

6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A escola conta con protocolo de adaptación que será facilitado ás familias.

A asistencia á centro é para os nenos e nenas un paso importante no camiño que lles levará a converterse en adultos/as. Para moitos deles supón a primeira saída do ámbito familiar: teñen que adaptarse a uns espazos descoñecidos, a ritmos e rutinas novos, a compañeiros/as e adultos/as cos que terán que establecer relacións...

O período de adaptación é o tramo de tempo que adicamos a progresiva incorporación ao centro educativo. É un proceso que non todos os nenos/as andarán ao mesmo ritmo; é algo que teñen que realizar por si mesmos/as, unha conquista persoal, e como tal, hai que valorala. Non ten unha temporalidade fixa; depende de cada neno/a, das súas circunstancias particulares, da capacidade do centro para adaptarse ás peculiaridades e personalidade de cada alumno/a en concreto.

A través de diferentes recursos, axudámoslles neste período de adaptación a medrar, madurar, afirmarse na súa propia identidade, manifestar de xeito espontáneo os seus sentimentos fronte ao centro e a separación familiar, e iniciar, desta maneira, o coñecemento e a adaptación ao mundo exterior.

No noso centro, planificamos o Período de Adaptación do seguinte xeito, tendo en conta que acudir por primeira vez ao centro en períodos curtos de tempo vai favorecer unha rápida adaptación á mesma:

- ➢ Na entrevista inicial, explicarémoslles a cada familia como vai ser o período de adaptación: actitudes dos nenos/as, tempo de permanencia no centro, actitude que manterán os pais/nais, titores/as ou representantes legais para favorecer a adaptación…
- ➢ Os 2 primeiros días acudirán só 30 minutos ao centro, dos cales 10 minutos poderán pasar os pais/nais con eles, para facer de vínculo familia-centro.
- ➢ O terceiro e cuarto día xa entran eles sós/as, sen os pais/nais, e permanecen un período de tempo de 1 hora aproximadamente.
- ➢ O quinto e sexto día quédanse 1 hora e media
- ➢ O sétimo e oitavo día, 2 horas e media

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- O noveno e décimo día, 3 horas
- Os seguintes días xa poden acudir en horario habitual todos aqueles nenos e nenas que as educadoras consideren, que pola súa madurez e fácil adaptación ás situacións novas, levan ben o período de adaptación; igualmente, todos os nenos e nenas que precisen vir máis días en períodos curtos de tempo, poderán facelo ata que sexa conveniente ampliar a xornada
- Durante a primeira semana, poderán levar un obxecto que lles dea seguridade: boneco, foto de mamá e papá…
- É conveniente que todos os nenos e nenas que usen chupete traian un para quedar no centro, xa que é un elemento que os calma bastante na adaptación

Este período de adaptación pódese dar por terminado cando se consiga unha certa estabilidade emocional no grupo, asuman con máis tranquilidade os momentos de separación e reencontro coas familias, así como a totalidade de tempo de estancia no centro.

Poden darse situacións de regresión, pero non serán tales se os adultos/as que conviven con eles (familia e educadores) somos capaces de admitilas e comprendelas, asociándoas a procesos normais do desenvolvemento evolutivo que permiten reelaborar e reforzar situacións aparentemente asimiladas ou interiorizadas.

7. RÉXIME DE SAÍDAS

No caso de que o PAI realice algunha saída do centro, será informada, por escrito, e con antelación a todos os pais e nais, titores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento; no caso de que non consintan a saída, o rapaz ou rapaza quedará na centro co resto do persoal. Se as saídas son por grupos e, no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir ao centro nesa data, xa que a centro permanecerá pechado.

8. HORARIO DE VISITAS

Non se permite a entrada libre no centro por razóns:

- ✓ hixiénicas, xa que entran co calzado da rúa
- ✓ organización da aula: xa que os horarios de entrada e saída son moi dispares e estarían interrompendo continuamente o traballo na aula

Establécese o seguinte horario de visitas:

- ✓ 1ª visita, día da entrevista inicial coa directora, na que se veñen informar do funcionamento do centro, horarios e no que se coñecen as instalacións do centro, interiores e exteriores.
- ✓ 2ª visita e sucesivas: titorías coas educadoras e/ou directora

9. CRITERIOS DE SUBVENCIONALIDADE

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso do Punto de Atención á Infancia por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

Para ter dereito ás axudas, os nenos e nenas deben ter a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia .

O PAI para a cal se solicitan as axudas aplicará un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería as súas actualizacións.

Para os efectos da aplicación da bonificación do 100 % do prezo, entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estadía no PAI, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular ao centro durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

A bonificación do 100 % do prezo corresponde á atención educativa e a matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten ao centro.

Segundo a orde de gratuidade, exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor e as actividades extra á atención educativa e que supoñan un custo adicional cuantificable para o centro. As actividades extra son as que se desenvolven fóra do horario de atención educativa (subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia), polo que as aboarán as familias. As actividades complementarias no centro deben ser desenvolvidas transversal ao Currículo educativo

Para a atención educativa: establecerase o importe do prezo máximo que se vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

Para o Servizo de comedor, haberá a modalidade de catering co importe establecido na ordenanza fiscal reguladora e a modalidade de achega de alimentos por parte das familias

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario real de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Para os efectos desta orde, considérase que as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo multiplicarase por dous.

Capítulo III. Obxectivos de centro

Artigo 7º

Son obxectivos específicos os seguintes:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo
- Fomentar uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na Proposta Pedagóxica do centro.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Capítulo IV. Horario de apertura

Artigo 8º

1. O PAI atópase aberto todo o ano de luns a venres de 7.30 a 15.30 horas

2. O centro permanece pechado segundo Calendario laboral os días festivos nacionais, autonómicos e locais, 24 e 31 de decembro.

3. As familias son avisadas e expresan a súa conformidade dos peches do centro mediante entrega en circular escrita no momento da entrevista inicial.

4. Os horarios de apertura e peche figuran no taboleiro de anuncios do centro e no RUEPSS.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente

Capítulo V. Horarios de permanencias das nenas e dos nenos

Artigo 9º.

Os Puntos de Atención Infantil son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais/nais, titores/as ou gardadores dos nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

O PAI conta con 1 unidade e 20 prazas autorizadas distribuídas nunha única unidade 0-3 anos.

Resérvase, en todo caso, un mínimo de 1 praza para os casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

No caso de ter un/unha menor con Necesidades especiais de Atención Educativa (NEAE) ocuparanse 2 prazas. Poderán integrarse nenos/as con discapacidade física, psíquica ou sensorial, se o centro conta coas infraestruturas idóneas e persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro.

A capacidade total do centro é de 20 usuarios/as, podendo haber unha cantidade maior de matrículas, sempre que non haxa franxas horarias cun número superior de nenos/as. Existe a posibilidade de compartir praza entre usuarios/as que, unicamente, fagan uso do centro a media xornada.

1. O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será de oito horas diarias.
2. Os usuarios/as poden facer xornada completa ou media xornada.

Artigo 10º

1. DEREITOS DOS NENOS E NENAS

- ✓ A ser educados/as en igualdade, a ter os mesmos dereitos e posibilidades sen distinción de sexo, cultura, orixe ou relixión.
- ✓ A unha educación global, na que se desenvolvan todos os principios básicos e obxectivos do currículo da educación infantil
- ✓ A contar con educadores/as especializados/as, formados con continuidade
- ✓ A ser educados nun ámbito educativo cálido, agarimoso e especializado en educación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- ✓ Acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, xa sexa de nenos, nenas ou adultos e adultas.
- ✓ A que os/as nenos/as reciban unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- ✓ A que os/as nenos/as reciban unha formación integral nas dúas linguas oficiais do estado, na medida do posible. Sen prexuízo disto, tratarase de potenciar o uso da lingua galega, pero sempre respectando o dereito dos pais a elixir a lingua con que pretende que se forme aos seus fillos/as.
- ✓ A que se respecte a integridade e dignidade persoal dos/as nenos/as.
- ✓ Sixilo profesional acerca dos datos ou historia social, sanitaria ou no centro.
- ✓ A que os/as nenos/as realicen as saídas velando pola súa seguridade, sempre e cando vaian acompañados dos adultos responsables do seu entorno familiar, o en todo caso con autorización escrita por parte dos pais, nais ou representantes legais.
- ✓ Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
- ✓ A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación, cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- ✓ A recibir un tratamento individualizado de contido educativo cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- ✓ A asociárense co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades do centro.
- ✓ A seren informados de xeito comprensible tanto das medidas adoptadas respecto deles como do desenvolvemento diario do/a neno/a, e a pedir explicación de canto afecte á súa propia educación.
- ✓ A ser educados/as para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.
- ✓ A participación dos pais/ nais/ titores/as ou representantes legais nas actividades educativas como: festas, (magostos, nadal, entroido,...), conta-contos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos/as alumnos/as.

2.5. NORMAS DE CONVIVENCIA

Estas normas de convivencia son a base para acadar unha harmonía no día a día:

- ✓ Respectar aos demais sen condicionalos por sexo, raza, orixe ou relixión
- ✓ Compartir os xogos e xoguetes aceptando que son uns materiais de uso común e non individual
- ✓ Rexeitar a violencia como diálogo, aprendendo a entenderse falando e comprendendo ao outro
- ✓ Haberá uns horarios a respectar para o bo funcionamento do centro: na medida do posible, traelos antes das 10 e recollelos despois da 12.30 hs.
- ✓ Os/as Pais/Nais, titores/as e representantes legais, deberán entregar e recoller ao/á neno/a nas horas acordadas.
- ✓ Se algún día o neno/a tivera que ser recollido por outra persoa, esta deberá estar autorizada expresamente polo pai/nai, titores/as e representantes legais. O persoal da centro está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificador equivalente á persoa que veña recollelos no caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas. De non producirse a identificación, o/a alumno/a non poderá ser entregado/a, procedéndose ao contacto coa nai, pai ou representante legal.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- ✓ Teranse en conta as cuestións concretas establecidas por resolución xudicial que deberán ser postas en coñecemento da dirección da centro por quen ostenta a garda e custodia do/a neno/a.
- ✓ Os proxectos educativos serán recomendables e traballaranse ao longo da xornada.
- ✓ Os/as nenos/as deberán gozar dun mes de vacacións que poderá repartirse en quendas de mínimo cinco días.
- ✓ A matriculación do neno/a no PAI supón a total aceptación deste Regulamento de Réxime Interior así como da Normativa específica do centro durante o curso.

Capítulo VI. Referente ás familias

Artigo 11º

Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, titores/as e representantes legais

Dereitos

-Ser informados/as, regularmente, da situación do neno ou nena no centro: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos…

-Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións co persoal de atención

-Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.

-Coñecer o funcionamento do centro e o modo en que se formula o Proxecto Educativo de Centro.-PEC coa súa correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.

-Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento e das medidas adoptadas.

-Dispoñer das Normas de Funcionamento do centro visadas con carácter previo á realizar a reserva de praza/matrícula.

-Interpoñer queixas e reclamacións.

-Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou calquera circunstancia relevante.

Deberes/ obrigas

-Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambio na situación familiar…etc.

-Ser puntuais na hora da traída e recollida do neno/a.

-Cumprir os horarios de asistencia solicitados.

-Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado polo PAI, notificacións das baixas e cambios de horario.

-Colaborar na medida do posible nas actividades do PAI, que serán o eixo da relación familia-PAI.

-Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as nenos/as no proceso educativo.

-Avisar o PAI do cambio de persoas autorizadas de recoller ao neno/a no PAI..

-Respectar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

-Non levar ás nenas e nenos o PAI cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia…)

Artigo 12º

Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais

Para garantir a axeitada participación das familias serán de aplicación xeral as seguintes normas sobre a participación activa:

-Fomento da relación estreita entre familia e o PAI xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.

-A coordinación e o coñecemento da vida no PAI verase facilitado por:

-Entrevista inicial cos pais e nais, titores/as e/ou representantes legais co persoal de atención correspondente da cal deixarase constancia no expediente individual.

-Contactos diarios co/a educador/a.

-Participación en actividades : celebracións de festas, saídas do PAI...

-Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións...

-A relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

-O intercambio de Información.

-Participación na vida do centro.

-Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

-O centro pon en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que ten como mínimo carácter trimestral e que se realiza a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-As visitas dos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, logo de ser oído ao equipo técnico educativo, sempre e cando non dificulte a boa marcha do centro.

-O PAI planifica o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena rompe co lazo afectivo, coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Polo tanto, é planificado coas familias xa que, van entrar nun lugar descoñecido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais.

Artigo 13º

Instrumentos de información para as familias

-Todas as familias son informadas do período de adaptación.

Manteremos contacto diario cos pais e nais, titores/as e representantes legais comentando como pasou o día o neno/a no momento da recollida. No caso dos máis pequenos/as entrégaselles unha axenda onde aparece a hora e cantidade de almorzo, media mañá e xantar; as horas e calidade do sono así como as observacións do centro. Igualmente hai un espacio para que as familias anoten calquera circunstancia ocorrida na casa que sexa de interese para o centro.

As familias que o soliciten, poderán manter unha titoría co/a educador/a do seu fillo/a, para falar do seu progreso, igualmente a poderá solicitar a educadora se houbese algunha incidencia

Mediante o taboleiro de anuncios colocado na entrada do centro, os pais e nais, titores/as e representantes legais serán informados das actividades que se están levando a cabo.

Capítulo VII. Servizos que oferta

Artigo 14º

Servizos básicos

1. Atención Educativa

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada ao PAI durante un máximo de 7 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

O Punto de Atención á Infancia conta cun Proxecto Educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e ao Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

O PAI atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

O centro facilitará o desenvolvemento educativo das usuarias e usuarios, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

2. Servizo de comedor

O Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece no seu artigo 26 apartado a) 1. Servizo de comedor: incluirá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almorzo, podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades: a) Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos.

O centro conta cun Servizo de Comedor a través de Catering servido pola empresa COESCO DEZA S.L.U

En todo caso deberá existir a disposición das familias unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das nenos/as.

Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor que no vaian a utilizar o servizo deberán avisar, con antelación suficiente.

Os horarios do servizo de comedor son: de 12,30 a 14,00 horas.

O servizo de comedor estará dispoñible para todos os nenos e nenas do PAI que o contraten. No caso de necesitar este servizo días soltos, solicitarse antes do día que se necesita.

A familia deberá presentar informes médicos no caso en que o neno/a padeza algunha alerxia

ou enfermidade pola inxestión dalgún tipo de alimento.

3.Servizo de Cociña

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define no seu artigo 26 b) “Como servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as persoas usuarias”.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día ao centro co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4.Servizo de Horario amplo

Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente, o determinen.

O centro non oferta este servizo, mantense aberto 8 horas.

5.Actividades extra

O centro non oferta actividades extra fora da xornada de atención educativa elixida pola familia. Se procedera, estas actividades, serán aboadas polos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

As actividades complementarias desenvólvense transversais ao Currículo educativo.

Artigo 15º

Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición

1. Normas de saúde

1. Os nenos/as deberán acudir ao centro en boas condicións de saúde e hixiene.
2. No casos da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.
3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á dirección deste, e avisaranse os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.
4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións in situ e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.
5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.
6. Nos casos excepcionais en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán vir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.

Con carácter xeral atenderase ao disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas.

Concretamente na enfermidade de boca-man-pé ou na conxuntivite non purulenta non establece período de exclusión

2. Normas de hixiene persoal

Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

3. Normas de vestiario

1. A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.

2. Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas etc, en caso contrario, o Concello de Touro declinará toda responsabilidade. Evitáranse ademais os lazos, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.

4. As prendas débense marcar co nome e apelido para non dar lugar a confusións: gorros, abrigos, mandilóns, xerseis, mudas de reposto, mochilas, bolsas ou calzado, etc. O centro non se fará responsable da perda ou deterioro de prendas de vestir ou outros obxectos.

4. A familia debe traer unha muda completa para deixar no centro (calzón/braga, bodi, calcetíns, camiseta, pantalón, xersei e calzado), que se lles será devolta ao finalizar o curso, e que en caso de necesidade debe repoñerse.

5. O calzado debe ser cómodo. Deberán traer un calzado diferente do da rúa para estar nas aulas.

6. Os nenos e nenas que utilicen cueiros, traerán un paquete, xunto con panos húmidos, ao principio e avisaráselles para a súa reposición.

7. Evitarase vestir aos nenos e nenas con exceso de roupa dado que a temperatura do centro infantil é controlada a diario con sistema de climatización.

8. Non se admiten xoguetes propios de cada usuario/a (evitando desta forma conflitos e perdas),a excepción dos primeiros días de asistencia, que coinciden co período da adaptación ao centro, xa que o xoguete ou obxecto de apego serve neste intre como instrumento para o achegamento ao novo contorno e como elemento de socialización.

4. **Normas de nutrición**

1. O centro facilita as familias unha relación das pautas de alimentación no centro:

- Almorzo: zume, lácteo ou derivado con cereais, galletas ou similar e froita (optativa).

-Media mañá:

--Luns: froita ou zume

--Martes: galleta ou similar

--Mércores: lácteo ou derivado

--Xoves: bocadillo/ sandwich

--Venres: libre (excepto lambonadas)

-Xantar: todas as comidas deben incluír proteínas (peixe, carne, ovo,...), vitaminas (verdura, crúa ou cociñada) e hidratos de carbono (pataca, pasta, arroz, garavanzos, lentellas,...). As sobremesas deberán ser lácteos ou froita e limítase a inxestión de fritos a unha vez cada 10 días.

2. Prestarase un especial coidado en atender os casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.

3. Respectaranse os horarios establecidos para as comidas.

Artigo 16º. **Uso das dependencias e do material**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.

As dependencias deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

O Punto de Atención á Infancia, ten unha superficie de 205,18 m2 construidos e 171,98 m2 útiles. Contamos cunha zona exterior con 47,03 m2 construidos cubertos e unha zona útil de 42,34 m2; un patio exterior descuberto cunha zona útil de 155,94 m2., onde contamos con chan de seguridade de caucho reciclado e céspede artificial e onde se atopan a casiña e o tobogán.

O espazo interior distribúese do seguinte xeito:

No edificio diferénciase entre zona de nenos/as e zona de adultos/as, incorporando nesta última, os espazos de sala de reunións, vestiario, vestíbulo, almacén, despensa, lavandería e cociña; na zona interior adicada aos menos/as, englóbanse os seguintes espazos: sala de usos múltiples, aseos, aula e zona de descanso, estando a aula comunicada á área exterior cuberta para xogos.

Todas as nosas instalacións cumpren a normativa arquitectónica, de salubridade e seguridade vixente.

O centro conta cunha recepción para o control na entrega e devolución dos/das nenos/as.

Os materiais de hixiene, alimentación coidado e descanso están homologados e son adecuados á idade dos/das nenos/as.

As superficies rugosas e arestas nas paredes contan coa protección adecuada.

Os pavimentos son de superficie cálida, lisa e anti- esvarante, impermeable e continua. As pinturas impermeables e non tóxicas.

O centro dispón, dun aseo para o persoal, cun lavabo, un inodoro e unha ducha.

Os servizos sanitarios están dotados de auga fría e quente, con billas hidro- mesturadas. O tamaño dos sanitarios é proporcionado ás idades dos/das nenos/as.

O mobiliario é de superficie non porosa, de bordes romos e ángulos redondeados, sen

saíntes agresivos e de medidas axeitadas aos/ás nenos/as.

Os xoguetes son atraumáticos, non tóxicos, lavables e axeitados ás idades dos/das nenos/as.

As portas de paso dispoñen da protección necesaria para evitar pillar os dedos.

O centro dispón dun sistema de calefacción centralizado e regulable de chan radiante, que inclúe sala para o mantemento dunha temperatura idónea; así mesmo, contamos cun sistema de climatización. Cada sala destinada aos nenos/as dispón dun termómetro na parede para ver en todo momento a temperatura á que se encontra a estancia.

Os aparellos de iluminación incorporan elementos que evitan o cegamento e a rotura e posterior caída das lámpadas.

Os enchufes da luz son de seguridade.

O acristalamento é de dobre vidro e os vidros son irrompibles

Hai detectores de fumes en todas as estancias

As estancias dispoñen de iluminación e ventilación natural directa. Exceptúanse almacéns e cuartos de limpeza e lixo, así como os aseos.

Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas

Artigo 17º.

Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo

O centro promove, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe.- DEA.

Nestes casos requiriríase o informe previo dos Equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.

Artigo 18º.

Fomento da igualdade entre nenos e nenas

A centro é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento. No centro, a educación non sexista implica a participación non só das educadoras senón tamén da familia e a sociedade en xeral.

Algunhas das propostas co-educativas dentro do centro son:

- Observar se as nenas e os nenos amosan na aula ou fóra dela unha actitude respectuosa e tolerante cos demais.
- Dende as primeiras etapas fomentaranse, nos xogos e dinámicas, que non se discrimine a ninguén
- Practicar a inversión de papeis
- Ensinar a nenas e nenos a utilizar os xoguetes indistintamente, sen pensar no xénero
- Formar as educadoras para traballar contra o sexismo no centro
- Fomentar a creación de talleres co-educativos dirixidos ás nais, pais, titores/as, etc.
- Sensibilizar ás familias na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o reparto de tarefas domésticas.
- Valorar a diversidade no centro como unha riqueza social
- Promover a igualdade real entre mulleres e homes
- Atender a afectividade e sexualidade das nenas e os nenos dun xeito san e responsable.
- Educar no respecto aos diferentes tipos de familias e ás distintas formas de convivencia.
- Favorecer a participación e a convivencia respectando a diversidade.
- Prever os malos tratos e a violencia de xénero.
- Aprender a usar linguaxes que non discriminen a ninguén.

Capítulo IX. A Lingua

Artigo 19º

Os documentos oficiais do centro entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexo de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

Tamén temos como terceiro idioma o inglés que introducimos a través de rutinas e contos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Capítulo X. Persoal

Artigo 20º

Organización interna

A centro está formada por:

- ✓ Persoal de dirección
- ✓ Persoal apoio
  - ✓ Mestra Educación Infantil
  - ✓ Educadora (Tco. Superior en Ed. Infantil)

Artigo 21º

Procedemento para substitucións e imprevistos de persoal

Para cubrir baixas ou vacacións, contratarase persoal de substitución.

No caso de ausencia do persoal de dirección, será a persoa de apoio que posúa a titulación esixida e teña unha maior antigüidade no centro, a responsable de asumir as funcións de dirección.

Artigo 22º

O centro cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.

A relación adulto coidador/neno/a será como máximo de 1/20: En todo caso sempre debe contar cunha persoa auxiliar a maiores do persoal que atenda ao grupo.

Artigo 23º

1. O **persoal de atención** a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

2. O **persoal de apoio** á atención e coidado dos/das nenos/as é o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

Artigo 24º

RELACIÓN DE PERSOAL

--Director/a – psicopedagoga. O/a encargado de aula é o responsable da dirección e coordinación do centro, así como da dirección pedagóxica do centro

--**2 persoas de apoio** – mestras de Educación Infantil e Tco. Superior en Ed. Infantil

Capítulo XI. Réxime de cobramento

Artigo 25º

O PAI está acollido as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, unha vez realizada a inscrición a Matrícula e atención educativa é subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia.

O PAI esta a aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería e as súas actualizacións

A non asistencia ao centro durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do usuario/a no programa da gratuidade.

As cotas de servizos, comedor, cociña e ou actividades extras, serán detalladas no documento Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Artigo 26º Prezos

Os Prezos dos servizos prestados estarán desagregados por tipo de gasto e importes e deben ser aboados no prazo establecido na Ordenanza Fiscal correspondente.

As normas de funcionamento deben recoller o método ou fórmula de revisión dos prezos e as datas nas que se revisarán e entrada en vigor dos servizos básicos que aboan as familias.

A fórmula, que indiquen debe permitir que a persoa usuaria coñeza con claridade, os incrementos previstos. Polo tanto, recomendase a utilización do índice de prezos ao consumidor (IPC).

Artigo 27º

Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións

A non asistencia durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do neno ou da nena para a inclusión no programa da gratuidade na obtención da bonificación.

Non se poderá cobrar por servizos como; comedor, cociña, actividades extra,.. que non se prestaron.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a.

As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene

Artigo 28º

1. Medidas de seguridade e hixiene

- ✓ Faise un programa de desratización , desinfección e de desinsectación anual.- DDD
- ✓ Conta cun Sistema de Autocontrol baseado na metodoloxía APPCC.
- ✓ Realízanse Inspeccións da Consellería de Sanidade periódicas.
- ✓ En canto á hixiene, seguiranse as pautas marcadas por Sanidade nos seus controles periódicos.
- ✓ Conta cun técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia.
- ✓ Medidas anti- incendios: extintores, alarma, planos de evacuación, plan de actuación para casos de emerxencia, premedores de alarma anti- incendios distribuídas polo edificio, detectores de fume en todas as estancias,…
- ✓ Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os protectores de mans.
- ✓ Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.

2. Persoal

- ✓ Os traballadores/as, contarán con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios.
- ✓ Os/as traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios ante unha emerxencia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- ✓ O persoal do centro mantén unha actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
- ✓ Todo o persoal que realiza atención e coidado dos nenos/as acredita o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual realiza un recoñecemento médico que acredita que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto psíquico ou físico que impida as súas funcións no centro. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- ✓ Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- ✓ O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.
- ✓ Todo o persoal do centro conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de Persoas.

3. **O centro conta con**

- ✓ Plan de autoproteción implantado e inscrito no REGAPE.
- ✓ Póliza de responsabilidade civil e de accidentes
- ✓ Póliza de sinistros/danos do edificio
- ✓ Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias
- ✓ Proxecto educativo a disposición das familias
- ✓ Libro de rexistro de persoas usuarias
- ✓ Expediente individual dos usuarios/as.

Capítulo XIII. Libro de reclamacións

Artigo 29º

O centro dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia

Capítulo XIV. Sistema de revisión das normas de funcionamento

Artigo 30º

Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro e estarán dispoñibles no apartado de autorizacións do RUEPSS.

Calquera instrución ditada pola entidade ou o persoal do centro non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección de Familia e Menores.

As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Capítulo XV. Normativa de aplicación

Artigo 31º

-Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos -parques infantís.

-Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

-Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

-Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.

-Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

-Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

-Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

-Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).

-Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

-Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Ordes anuais polas que se regulan as axudas de gratuidade aos Puntos de Atención á Infancia

-Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das PAIs

-Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-Ordenanzas fiscais do concello

-Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería competente en materia de servizos sociais.

INTERVENCIÓNS

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que están de acordo coa ampliación do horario, de feito estabamos en marcha con este asunto cando estabamos no goberno, o horario que había era o do persoal municipal. Votamos en falta, paralelamente e é o que estabamos traballando na mellora dos recursos persoais do servizo, na creación dunha bolsa de emprego que permitise cubrir as necesidades de substitución, que xa podía estar en marcha porque a competencia é da alcaldía. Por outra banda no seu momento, os membros do actual goberno falaban de que se ía crear unha escola infantil con horario de tarde, esto é fume, somos conscientes das dificultades cuasi imposibilidades, o que nos traen é un PAI de 7.30 a 15.30 e non unha escola infantil con horario de tarde, naquel momento previo a moción de censura valía co que denota a credibilidade do goberno actual.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O voceiro do BNG, Xoan Louzao di que vai votar a favor, pero pregunta sobre o feito de que conste que os usuarios poden optar por xornada completa ou media xornada, porque non pode ser un horario de seis horas por exemplo, hai algunha cuestión legal?

O secretario-interventor, di que entende que ben fixado así pola Xunta de Galicia, sin podelo asegurar o cen por cen. Explica que a limitación vai máis polo límite inferior das catro horas que polo límite superior.

O Sr. alcalde di que na práctica estase a ser flexible con este tema. En relación ao argumentario de Movemento Veciñal, en canto a creación dunha bolsa de emprego, se o tiña en mente non sei porque non o puxeron en marcha, en canto a nosa proposta do acordo de goberno é a conversión do PAI en escola infantil pero ademais das dificultades intrínsecas, non se da feito da noite a mañá. Non é fume, é unha proposta, iso vainos a levar un ano ou dous anos pero ímolo tentar porque ten vantaxes esa é a intención, mantemos esa proposta. En canto a bolsa de emprego, inicialmente incrementouse a xornada dunha auxiliar que estaba contratada a tempo parcial pasouse a xornada completa e conseguimos paliar de momento que se poida cubrir ese horario imposto pola Xunta e intentaremos no seu momento a modificación da relación de postos de traballo ao ser unha praza estrutural, e crear esa praza xunto con outras que están pendentes, e trataremos de dotar ao PAI do persoal adecuado.

VOTACIÓNS

A proposta de modificación do Regulamento réxime interior Punto de Atención á Infancia (PAI), resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que asisten á sesión (5 de PP; 3 de pMVdeT; 1 de PG, 1 de BNG e o Concelleiro non adscrito) sendo once o seu número legal de membros.

6 EXPEDIENTE 2025/G016/000001. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL. MODIFICACIÓN DO ARTIGO 28 (TARIFAS PARA O ANO 2026).

Consta no expediente a seguinte proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 6 de outubro de 2025, onde o Sr. alcalde explica que a finalidade é adaptar os prezos da ordenanza ao incremento dos prezos ao IPC, que ven imposta polo contrato e cada ano nestas datas para que poda entrar en vigor a principios de xaneiro tráese esta modificación.

ANTECEDENTES

14.11.2024. Aprobación polo Pleno do Concello da Modificación da Ordenanza taxa abastecemento auga municipal, (tarifas do servizo de abastecemento para o ano 2025).

02.10.2025 Documentación presentada pola concesionaria da xestión integral do servizo público de abastecemento de auga ó municipio de Touro, Espina y Delfín, S.L. relativa ao novo cadro de tarifas para o ano 2026.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (artigo 123 e concordantes).

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

- Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

SEGUNDA. **Procedemento de modificación das ordenanzas fiscais.**

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

As ordenanzas fiscais teñen o obxectivo de regular a imposición e ordenación dos tributos municipais; acordar a imposición, modificación ou supresión dos tributos propios é unha competencia municipal (artigo 15 do TRLRFL)

Na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este concello a potestade regulamentaria e de auto organización así como a modificación das ordenanzas reguladoras.

A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 17 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que as ordenanzas fiscais se refire.

Para a modificación das ordenanzas terán que observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación (artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril).

O acordo de aprobación inicial e, no seu caso, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza corresponde ao pleno do Concello, sen quórum especial (artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 47 da mesma norma); e artigo 107.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo.

TERCEIRA. Referencia ao trámite de participación cidadá na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "*planificación normativa*" e "*participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, para a aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. Entrada en vigor e vixencia.

A aprobación ou modificación dunha ordenanza non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma).

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

QUINTA. Contido material da modificación da ordenanza proposta.

Ten por obxecto adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2023/decembro-2024, que ascende segundo o INE ao 2,80 por cento.

Proponse modificar o artigo 28 da ordenanza reguladora para adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2023/decembro-2024, que ascende segundo o INE ao 2,80 %.

Propóñense as seguintes modificacións da ordenanza:

Artigo	Redacción actual	Redacción proposta
28	**A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:** - Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5146 €/ m³. - De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,5939 €/ m³. - Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre:	**A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:** - Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5290 €/ m³. - De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,6105 €/ m³. - Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	0,7916 €/ m³. Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento. **Modificación importes relativo as acometidas e contadores que se prevén no artigo 28 da Ordenanza.**	0,8138 €/ m³. Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento. **Modificación importes relativo as acometidas e contadores que se prevén no artigo 28 da Ordenanza.**

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal segundo o IPC cuxo texto íntegro figura como anexo.

SEGUNDO. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.

CUARTO. Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL A DOMICILIO

Artigo 1.º De conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais este Concello establece a taxa polo subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.º. As concesións de auga faranse aos propietarios de fincas urbanas, aos arrendatarios ou a calquera usuario, sempre que estean autorizados para introducir a auga nos edificios que ocupan polos donos dos mesmos.

Artigo 3.º As concesións faranse a título persoal, previo pago das tarifas vixentes.

Artigo 4.º- Non se farán concesións gratuítas aos particulares, corporacións, institucións, organismos oficiais ou outros similares.

Artigo 5.º A auga subministrarase mediante contador, que medirá en volumes a cantidade consumida, que será a que o abonado deba pagar segundo as taxas desta Ordenanza, partindo dun mínimo igual para tódolos usuarios.

Artigo 6.º As concesións de auga serán para usos domésticos ou industriais, entendéndose por tales: bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo persoal e outras similares.

Artigo 7.º As concesións de auga coa rede xeral serán autorizadas pola Xunta de Goberno Local, previa solicitude do interesado, e serán realizadas única e exclusivamente polo persoal encargado de dita xestión polo Concello.

Artigo 8.º Desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede do abastecemento, a instalación farase polo Concello, sendo de conta do abonado o custo correspondente da instalación e conservación.

Artigo 9.º O Concello, en evitación de abusos, poderá exercer unha vixilancia sobre tubaxes, aparatos de condución e media de auga. O persoal encargado do servizo de augas estará autorizado para entrar nas fincas e inspeccionar e practicar os recoñecementos que xulguen convenientes.

Artigo 10.º Tódalas concesións faranse polo sistema de contador, podendo os abonados establecer no interior das súas fincas, despois do contador, o número de billas que consideren convenientes.

Artigo 11.º O contador de auga será propiedade do abonado, convenientemente verificado pola Delegación de Industria da Provincia.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Artigo 12.º En cada toma de auga instalarase unha chave de paso, que só poderán manexar os encargados do servizo. Os abonados faranse cargo dos gastos de conservación e reparación de dita chave. En caso de avaría na toma de auga, o Concello poderá ordenar o seu precintado de forma temporal.

Artigo 13.º Os usuarios no poderán vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que sexa para dedicar ó mesmo uso para o que se ten concedida.

Artigo 14.º As concesións de auga van unidas ás fincas que as desfrutan, non podendo, por tanto, transferirse dunha a outra, nin en parte nin na súa totalidade.

Artigo 15.º Os abonos comezarán a contar desde o día no que empece a correr a auga pola tubaxe do abonado.

Artigo 16.º O usuario poderá causar baixa cando o desexe, solicitando nas oficinas municipais a baixa correspondente, momento no que procederán os encargados do servizo a cortar o subministro.

Artigo 17.º O abonado ou os seus herdeiros serán responsables do pago da cota. No caso de baixa, o pago terá efecto ata o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 18.º A tarifa da auga ten un mínimo mensual de consumo de dez metros cúbicos.

Artigo 19.º No caso de avaría do contador, durante o tempo no que estea inutilizado calcularase o consumo en base ó gasto habido na mesma finca en igual época dos anos anteriores. Esta circunstancia notificarase ó abonado por escrito, dándolle un prazo de 15 días para solicitar o cambio de contador, e a substitución correrá por conta do abonado.

Artigo 20.º Os abonados que alteren o funcionamento dos contadores para obter un maior volume de auga do que os aparatos sinalan, pagarán una multa de trinta euros, e ademais, o triplo da tarifa mensual a partir do día no que os empregados do servizo efectuaron o último control ata que se advertiu o fraude.

Artigo 21.º A falta de pago do recibo trimestral leva consigo a suspensión automática do subministro de auga sen previo aviso ó usuario. Igualmente, suspenderase o servizo en caso de que fora negada a entrada no domicilio ó encargado das visitas de inspección oficial.

Artigo 22.º As solicitudes para conectar na rede xeral do abastecemento de auga potable dirixiranse á Alcaldía e pasarán á aprobación da Xunta de Goberno Local, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e peche de gabias, colocación de tubaxes arqueta para rexistro. Tódalas obras necesarias serán realizadas polos encargados do servizo de augas no seu caso.

Artigo 23.º Os recibos pagaranse trimestralmente de acordo coas indicacións do contador.

Artigo 24.º Os abonados serán responsables dos danos ou prexuízos que a existencia das tubaxes poida causar a terceiros.

Artigo 25.º Se o caudal das augas experimentara variacións por razóns climatolóxicas ou outras de forza maior, non darán dereito esta circunstancia aos abonados para que reclamen cantidade algunha a título de indemnización polos danos sufridos.

Artigo 26.º Cando o abonado observe variacións ou deficiencias no subministro, deberá dar conta con rapidez ao Concello ou ao servizo de augas.

Artigo 27.º Cando as circunstancias técnicas ou climatolóxicas así o impoñan, pola Alcaldía poderase cortar o subministro ou regular o seu uso de forma temporal.

Artigo 28.º A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Tarifas do servizo de abastecemento

Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5290 €/ m³

De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,6105 €/ m³

Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,8138 €/ m³

Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.

Acometidas e contadores

2. **Acometidas de abastecemento.**

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 metros de lonxitude máxima (1 a 5 metros).

MATERIAIS
- Ud. Collarín de toma.
- Ud. De enlaces.
-Tubería P.E.B.D. 1 a5 metros
- Ud. Chave da paso.
- Tapa de fundición de 15 x 25 cm.

OBRA CIVIL

Ud. De arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
1 a 5 m .l. de zanja (apertura, peche e reposición de pavimento).

Fanse presos diferentes dependo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanxa. (materiais: 40 % + man de obra 60 %).

ACOMETIDA	TERRA (A)	ASFALTO (B)	BALDOSA-ACERA (C)
¾"	282,63	317,13	346,62
1"	300,30	340,88	361,74
1¼"-1½"	330,46	368,07	403,53
2"	364,18	400,03	437,27

Incremento do prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros.

ACOMETIDA MÁIS DE 5 METROS	¾ "	1"	1¼"-1½"	2"
(A) Incremento € x m.	12,69	14,78	21,16	35,42
(B) Incremento € x m	27,85	29,99	36,34	50,55
(C) Incremento € x m	33,43	35,57	41,83	56,12

2. Contadores

2.1 Instalación de contadores en batería ou similar

- Contador
- Válvula antiretorno
- Pezas conexión
- Prezo contador instalado.

- Contador de 15 mm 99,95 €/ud
- Contador de 20 mm. 116,66 €/ud

2.2 Instalación de contador de diámetro superior a 20 mm.
Para contadores de diámetros superiores farase presuposto previo.

2.3. Tarifas de contadores sen colocación

13/15 mm.....62,39 Euros/unidad

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

20 mm.....86,71 Euros/unidad

25 mm.....141,16Euros/unidad

30 mm.....197,37 Euros/unidad

40 mm.....306,03 Euros/unidad

50 mm.....668,46 Euros/unidad

65 mm.....828,73 Euros/unidad

2.4. Desprecintado de contador
Por desprecintado de contador precintado por baixa voluntaria ou corte de subministro: 23,16 €/ud.

2.5. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores
Racores de contadores instalados por persoal alleo ao servizo de augas: 23,04 €/ud.

2.6. Prezo por comprobación de contador do abonado con contador patrón.
A petición do abonado: por comprobación da medición do contador do abonado con contador patrón 22,92 €/ud.

2.7. Gestión de cobro a impagados.
Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago 5,26 €/ud.

As anteriores tarifas non inclúen o I.V.E.

Disposición final. Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

INTERVENCIÓNS

O Sr. Roberto Castro, voceiro de Movemento Veciñal di que quere lembrar o artigo 6 da ordenanza que di que as concesións de auga serán para usos domésticos ou industriais, entendéndose por tales: bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo persoal e outras similares; estamo de acordo totalmente, pero a proposta que trae o goberno choca frontalmente con apreciacións que facían cando estaban na oposición, onde dicían que ían modificar os usos, para permitir os usos gandeiros e outros usos, chama a atención que a ordenanza que traen é contraria ao que dicían no seu día. E por outro lado, isto o que nos fai lembrar é o pouco acerto dos bandos respecto dos consumos que ten feito a alcaldía de lembrar usos prohibidos, o que viña a recoñecer era que se estaban a facer usos prohibidos, entendemos que a empresa concesionaria que ten competencia para controlar eses usos non o alcalde, era que non o estaba facendo, non sei se había algún mandado a empresa de controlar que usos se facían; contrarios non a ordenanza que había senón a que imos aprobar hoxe, pero estamo a favor.

O Sr. alcalde di que efectivamente nos dixemos que imos modificar a ordenanza e o regulamento de auga para permitir eses uso, pero estará vostede de acordo comigo, que previamente hai que ter auga, considero excesivo o seu atrevemento en falar do tema da auga despois da xestión que fixeron en dous anos, preguntando se é partidario de cortarllle a auga as ganderías ou cortoullo vostede no seu momento, é imporante sabelo. Primeiro hai que dotar de auga, en dous anos vostedes coñecendo todas as carencias que había no abastecemento non adoptaron unha soa medida, non gastaron un só euro en mellorar o abastecemento, é moi difícil de xustificar a súa actuación neste tema. Nós imos a traer proximamente a pleno proxectos de modificación do bombeo, substitución da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

tubería de impulsión e arranxo da piscina. Que nos estamos incumprindo, que a competencia é da concesionaria, non enganemos á xente, o concello é o responsable da prestación do servizo, vostedes teñen que recoñecer que non tomaron en serio o seu cargo, porque se hai un servizo básico é o da auga, compraron auga no ano 2023, 2024 e 2025, pero non se destinaron a reparar o abastecemento nin o bombeo. Cando poidamos garantir o subministro, modificaremos o regulamento e a ordenanza e adaptarémola a eses usos que queremos que se presten, porque se queremos que Touro xa non digamos que progrese senón que non decaia teremos que garantir auga para actividades comerciais, industriais, ganderías e xa non digamos a queixería. Estabamos comprando e metendo auga na piscina 120 m3 diarios e estábanse tirando 60 m3 diarios.

O voceiro de Movemento Veciñal di que por alusións, trae a aprobación unha ordenanza e solta un discurso que nada ten que ver coa ordenanza, todo iso que di pode repetilo un cento de veces, pero é mentira que non se executasen obras para paliar as perdas de auga e para mellorar a eficiencia no abastecemento, lembremos que hai unha auditoría onde di o que se perde que é unha barbaridade e pérdese na instalación non nos consumidores, non se perde na piscina, pérdese na rede. Traballouse en reducir as perdas, modificando rede e coa dixitalización de parte da infraestrutura ao abeiro dunha subvención de Augas de Galicia ou a conexión co depósito do polígono. Eses datos que da da piscina, se iso fose así non sei como se sostivo mentres nos gobernamos.

O Sr. alcalde di que ata para vostede o cinismo ten que ter uns límites, dígame cano gastou en bombeo e en tubería de impulsión, diga canto gastou vostede aí; despois de comprar auga no ano 2023 por importe de noventa e dous mil euros, que están se pagar por certo, no 2024 por importe de setenta e pico mil euros, con eses antecedentes calquera goberno non destinaría os seus esforzos económicos en solucionar o problema da auga, e non gastaron un euro, a conexión dos dous depósitos ten mérito, aparte de perder a subvención por non executala en prazo, págase no mes de maio 2024 e en maio de 2025 quere poñela en funcionamento e primeiro non había un peza e despois curiosamente non había subministro eléctrico, que xa é o colmo; desminta ese tema, que vostedes defendan a súa xestión no tema da auga paréceme escandaloso.

VOTACIÓNS

A proposta de modificación da Ordenanza taxa abastecemento auga municipal, (tarifas do servizo de abastecemento para o ano 2026) resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que asisten á sesión (5 de PP; 3 de pMVdeT; 1 de PG, 1 de BNG e o Concelleiro non adscrito) sendo once o seu número legal de membros."

II PARTE DE CONTROL

7 EXPEDIENTE 2025/G006/000278. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 8 DE SETEMBRO E O 5 DE OUTUBRO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de setembro e o 5 de outubro de 2025

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 8 de setembro e o 5 de outubro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000343	EXPEDIENTE 2025/G007/000010. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 9 de setembro de 2025. Convocatoria.	337/2025	08-09-2025
2025/G003/000344	EXPEDIENTE 2025/G010/000013. Pleno sesión ordinaria 11 de setembro de 2025. Convocatoria.	338/2025	08-09-2025
2025/G003/000345	EXPEDIENTE 2025/X999/000065. Devolución ingresos indebidos actividade Touro Vaia a Praia	339/2025	09-09-2025
2025/G003/000347	EXPEDIENTE 2025/S002/000075.	340/2025	10-09-2025

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Baixa de Servizo Axuda no Fogar		
2025/G003/000346	EXPEDIENTE 2025/S002/000074. Baixa de Servizo de Axuda no Fogar.	341/2025	10-09-2025
2025/G003/000348	EXPEDIENTE: 2025/G003/000348. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico e na súa zona de policía de leitos da obra "Proxecto Mellora de Camiños Rurais". obra POS+ADICIONAL 2/2025.	342/2025	11-09-2025
2025/G003/000349	EXPEDIENTE 2025/S002/000076. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	343/2025	11-09-2025
2025/G003/000350	EXPEDIENTE 2025/C0003/000006. "Mellora de viario a Abelenda", incluída no Plan Camiña rural para o período 2025-2026. Aprobación plan seguridade e saúde.	344/2025	12-09-2025
2025/G003/000351	EXPEDIENTE 2025/A008/000035. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+Adicional 2/2025". Resolución sobre a non división en lotes dos investimentos.	345/2025	12-09-2025
2025/G003/000352	EXPEDIENTE: 2025/G003/000348. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico e na súa zona de policía de leitos da obra "Proxecto Pista Loureda- Louradela". obra POS+ADICIONAL 2/2025.	346/2025	12-09-2025
2025/G003/000353	EXPEDIENTE 2025/X999/000058. Denuncia vertedoiro incontrolado en Torreis de Arriba.	347/2025	12-09-2025
2025/G003/000354	EXPEDIENTE2025/G012/000006. Comisión informativa de Medio Ambiente. sesión ordinaria do 19 de setembro de 2025. Convocatoria.	348/2025	16-09-2025
2025/G003/000356	Expediente 2025/T002/000018. Modificación Orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto.	349/2025	18-09-2025
2025/G003/000357	EXPEDIENTE 2025/I002/000008. Reposición legalidade urbanística de elementos colocados no dominio público no Lg. Merés, Turces. Ref. Catastral: 15086E503004740001UP. Desestimación recurso de reposición.	350/2025	19-09-2025
2025/G003/000358	EXPEDIENTE 2025/I002/000029. Denuncia construcción sen licenza en Merés – Turces. Inicio procedemento de reposición da legalidade urbanística.	351/2025	19-09-2025
2025/G003/000359	EXPEDIENTE 2025/A008/000042. Subvención da Xunta de Galicia destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR350E). Solicitude.	352/2025	19-09-2025
2025/G003/000360	EXPEDIENTE 2024/Q002/000002. Recurso Contencioso Administrativo nº 1 A Coruña - Procedemento ordinario 0000099/2024 fronte a expulsión e celebración plenaria celebrada o 9 de novembro de 2023 interposto por D. Jesús José Reboredo González. Desisitimento da decisión de apelar	353/2025	19-09-2025
2025/G003/000362	EXPEDIENTE 2025/S002/000077. Baixa de Servizo Axuda no Fogar dependencia.	354/2025	22-09-2025
2025/G003/000361	EXPEDIENTE 2025/X006/000061. Nomeamento accidental secretario-interventor. Pago retribucións	355/2025	22-09-2025
2025/G003/000363	EXPEDIENTE 2025/G007/000011. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 23 de setembro de 2025. Convocatoria.	356/2025	22-09-2025
2025/G003/000364	EXPEDIENTE 2025/G003/000364. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de setembro de 2025.	357/2025	23-09-2025
2025/G003/000365	EXPEDIENTE: 2025/G003/000365. Pago taxas por modelo AU113C- actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de polícia das obras	358/2025	23-09-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	incluídas no POS+ADICIONAL 2/2025 "Mellora pista Vilanova-Loureda-Louredela" e "Mellora de camiños rurais", e solicitude de devolución do pago das taxas correspondentes ao procedemento AU113A das mencionadas obras.		
2025/G003/000355	2025/G003/000355. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de setembro 2025).	359/2025	23-09-2025
2025/G003/000366	2025/G003/000356. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de setembro de 2025.	360/2025	24-09-2025
2025/G003/000372	EXPEDIENTE 2025/S002/000083. Alta Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia	361/2025	26-09-2025
2025/G003/000371	EXPEDIENTE 2025/S002/000083. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	362/2025	26-09-2025
2025/G003/000370	EXPEDIENTE 2025/S002/000081. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	363/2025	26-09-2025
2025/G003/000369	EXPEDIENTE 2025/S002/000081. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	364/2025	26-09-2025
2025/G003/000368	EXPEDIENTE 2025/S002/000080. Baixa Servicio Axuda no Fogar libre concorrencia.	365/2025	26-09-2025
2025/G003/000367	EXPEDIENTE 2025/S002/000079. Baixa Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia.	366/2025	26-09-2025
2025/G003/000373	EXPEDIENTE 2025/X999/000069. Aprobación nóminas setembro 2025.	367/2025	29-09-2025
2025/G003/000374	EXPEDIENTE 2025/A008/000004. Resolución do 26 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio, e se establece a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto. Aprobación conta xustificativa	368/2025	30-09-2025
2025/G003/000376	EXPEDIENTE 2025/G003/000376. Copago usuarios SAF setembro.	369/2025	01-10-2025
2025/G003/000377	EXPEDIENTE 2025/G003/000377. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o terceiro trimestre de 2025.	370/2025	02-10-2025
2025/G003/000375	EXPEDIENTE 2025/G012/000007. Comisión informativa asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 6 de outubro de 2025. Convocatoria.	371/2025	02-10-2025

O Pleno dase por enterado.

8 MOCIÓNS.

8.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DESTINO DOS FONDOS DO NOVO PLAN POS + ADICIONAL AO ARRANXO DA PISCINA MUNICIPAL.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres día 3 de outubro o pleno da deputación da Coruña aprobou un novo plan de obras e servicios, POS, adicional -o número 4- para este ano 2025, o cal está dotado con 22 millóns de euros. Desa contía ao concello de Touro correspóndenlle 247.532,87€

Con este POS Adicional, os concellos poderán destinar os fondos a gasto corrente, investimentos ou redución de débeda coa Deputación da Coruña.

Consideramos que estes fondos deben ser destinados a realizar investimentos e, en concreto, propoñemos que o seu destino sexa para o arranxo da piscina municipal dados os problemas de perdas de auga que ven arrastrando que supoñen, ademais dun problema de eficiencia, un sobreconsumo de auga que afecta ao subministro ao resto do concello.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Destinar a totalidade do novo plan POS+ adicional por un importe de 247.532,87 € para o arranxo da piscina municipal para solucionar as perdas de auga que actualmente ten esta instalación.

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

INTERVENCIÓNS

O voceiro de Movemento Veciñal di que están de acordo e tanto é así que de feito no POS 2025 unha das obras que se incluía era esta de arranxar a piscina, que non foi aprobado porque o PP votou en contra, polo tanto estamos de acordo.

O Sr. alcalde di que en relación coa proposta do BNG, a nosa intención era traer este proxecto xunto co do bombeo e do tubería de impulsión, pero pola axenda da enxeñería encargada de redactar dos proxectos está sobre iso e traerémolo a pleno a maior brevidade, falamos de financialo con fondos propios para que poida estar feita na primavera, se a fixeramos con cargo a este POS esa obra sería practicamente terminala en primavera, e así teñamos lista a piscina para funcionar no verán seguinte. Non nos opoñemos a reparar a piscina, se o BNG quere retirar a moción porque temos a intención de traer o proxecto.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao, di que non van retirar unha moción, porque se tratou xa aquí dúas veces e as dúas veces se dixo que si e ao final foi que non. Eu non dubido da palabra do Sr. alcalde, pero non a vou retirar, e di que se se axiliza ben da tempo a facela co financiamento da Deputación.

O Sr. alcalde di que estamos de acordo co arranxo, antes do 6 de novembro dígolle que traeremos a pleno o proxecto da piscina.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que minte igual que co da auga, todos somos coñecedores de que a piscina ten deficiencias dende hai moitísimos anos, o que dixo vostede de que nadie lle puxo remedio é absolutamente falso , o goberno de Movemento Veciñal e o Partido Galego trouxo aquí un proxecto en xaneiro, incluído nesas obras do POS e non saíu adiante e non está en execución porque o PP votou en contra e agora queixase dos prazos, se deixaran aprobar ese POS naquel momento e non esperar ao seu revestimento para o POS do 2026, esta xunto con outras obras estarían en execución e agora ben aquí poñendo escusas dos prazos. Estamos a favor de que eses fondos do POS se destinen a esta obra.

O Sr. alcalde di que por moito repetir a mesma cantinela, o PP votou en contra da proposta do goberno que nos quería impoñer mediante unha chantaxe as súas obras cando aquí habiamos adoptado o acordo no que por certo ía o arreglo da piscina proposto por nos o día 9 de xaneiro, que vostedes se limitaron a copiar unha parte desas obras proposta por nos ese 9 de xaneiro, querían impoñernos o seu criterio, nos votamos contra unha chantaxe. Efectivamente nunha comisión informativa a proposta do PP acordamos destinar o Adicional 3 ao tema da auga polos motivos que descoñezo, a sesión foi o 30 de xuño e vostedes pasaron o encargo o 24 de xullo, xa o falamos no pleno pasado; non queiran vostedes apuntarse temas que non son certos. Estiveron no goberno dende xuño do 23, que fixeron vostedes?

O noso grupo viñamos con intención de absternos porque estamos de acordo no fondo, pero dado o que acabamos de dicir e propoñer non nos parece lóxico votar a favor dunha moción que non vai ter virtualidade, porque antes de que empece o prazo de solicitude imos traer aquí ese proxecto, cambiamos de opinión e imos votar en contra.

O Sr. Roberto Rocamonde di que xa no ano 2023 presentaron un proxecto de reforma integral desa piscina para unha subvención do Consello Superior de Deportes, pero non acadamos a puntuación para ser beneficiarios; parte dese proxecto sintetizado e coas reformas esenciais foi o que se trouxo ao POS, así xa lle respondo á pregunta.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao se a moción é a mesma que se enviou e o PP tiña a intención de absterse e agora vai ser non cal foi o argumento que din eu para ese cambio.

Os Sr. alcalde di que lle propuxo retirar a moción, por pura lóxica, porque nos estamos comprometendo a traer o proxecto e votar a favor de destinar ese fondos cando non os imos a destinar, un contrasentido en si mesmo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O Concelleiro non adscrito di que vai votar en contra, porque na reunión de hoxe na que estiven a empresa encargada de redactar os proxectos tiña que telos entregado hoxe e quedou en entregalos en dúas, tres semanas, polo tanto que é certo que si se executa co remanente fixo vai estar para a tempada de verán, e máis ese proxecto contempla tamén xerar un novo espazo para a veciñanza facendo un parque a carón do vaso da piscina.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da Moción, resultando rexeitada polo voto en contra dos 5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito, fronte aos cinco votos a favor (3 pMVdeT, 1 PG, 1 BNG); sendo once o número legal de membros da Corporación.

9 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de MVXT, Sr. Castro Rocamonde formula as seguintes preguntas:

1. Fai un par de meses que se recepcionou o punto limpo, a pregunta é cando se vai a poñer en funcionamento.

O Sr. alcalde resposta que di que se recepcionou a obra e vostede sabe que cando se fixo estaba pendente a autorización de Medio Ambiente e seguimos pendiente porque houbo un requirimento de documentación, polo que estamos pendientes de que Medio ambiente autorice a posta en marcha do punto limpo. Hai que ver a fora de xestión.

2. Di que polo mes de xullo tivo unha reunión co Director da Axencia Galega de Infraestruturas e entre outras cuestións planteille as deficiencias que está habendo nas beiras desa vía, moi mala calidade nos desbroces, o que é a senda peonil non se mantén nunca por parte da titular da concesionaria, espazos titularidade da Xunta como por exemplo na Muíña, na Ponte vella da Pontenova, Bentín onde se lle pedía que se executase un mantemento, a resposta foi que se estaba no último contrato de mantemento que tratarían de ter en conta esas cuestións, isto trasladouse por escrito e a pregunta é se recibiu contestación da AXI e cal foi a resposta.

O Sr. alcalde di que agora mesmo non lle consta, comprobareino e comunicareille oportunamente se houbo resposta ou non. É certo que este días de atrás houbo unha cuadrilla da Xunta facendo unha minilimpeza, incluso nalgún punto o persoal do concello fixo limpeza para que a xente puidese pasar.

3. A principios de xuño tiven unha reunión co director de Augas de Galicia para valorar a posibilidade de financiamento pos parte de Augas de Galicia da mellora do abastecemento de auga, as posibilidades que plantexa de financiamento é a parte de instalación en alta, a mellora da captación e a impulsión dende a captación ata a potabilización. A pregunta é se este goberno mantivo contactos con Augas de Galicia e se así cal foi a súa disposición a financiar esas actuacións.

O Sr. alcalde resposta di que teñen solicitada unha reunión, eu tiña entendido que vostede quedara de aportarlle unha documentación técnica máis detallada sobre a proposta inicial que lle fixo. Imos intentalo, vostede non lle puxo nome pero eu si o procedente se é posible é o bombeo dende o Ulla, incluso mediante convenio, financiar nos a obra civil.

O Sr. Castro Rocamonde di que respecto desa documentación que menciona, a concesionaria e a empresa encargada de redacción de proxectos estiveron traballando nesa documentación, supoño que terá información sobre ese asunto.

O Sr. alcalde di que si, que non se elaborou, está sen elaborar.

4. Chama un pouco a atención que non últimos días, semanas como se houbese unha maior incidencia de avarías na rede de abastecemento de auga. Falan dunha perda de presión dos usuarios que se abastecen do depósito de Baiobre debido a unhas bombas. O depósito de Baiobre subministra por gravidade polo que non existen bombeos de presión, polo que a caída do bombeo non afecta a caída de presión, en todo caso afectará a falta de caudal; a fata de presión o mellor é que non había auga no depósito.

O Sr. alcalde resposta que esa resposta e evidente, se as bombas que subministran a auga dos manantiais non funcionan, o normal é que non haxa auga no depósito. Fallou un tema eléctrico que fixo faiar as bombas e unha caída de nivel de auga no depósito, de feito fíxose un abastecemento dende o depósito do polígono para paliar ese tema. O xoves houbo unha avaría moi importante en Laña cunha rotura importante que conlevou o baleirado do depósito de Baiobre. Levamos encadeadas catro avarías seguidas, onte a noite houbo unha caída do grupo de presión do depósito

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

de Touro por un tema eléctrico, e hoxe advertiuse unha habería no tendido eléctrico que subministra o bombeo por un cortocircuíto na liña.

O voceiro do PG, Sr. Jesús Martínez di que en Laña estivo dous días sen lle tocar, botando auga por alí, eu envieille un aviso o domingo pola maña e non viñeron ata o luns. Non é normal que o sábado e domingo non fixeran nada.

O Sr. alcalde di que comprobará ese tema e preguntarei ao respecto.

5. O Sr. castro Rocamonde di que respecto do recurso contencioso que presentou vostede no seu día contra a súa expulsión do Pleno, na que hai unha sentenza en primeira instancia que le da a razón e eu sendo alcalde decretei a apelación desa resolución, vexo agora que hai un decreto seu revocando ese decreto de apelación, no seu criterio, explicando que a resolución se corresponde con feitos e conforme a dereito; pero a lectura que fai calquera, é evidente, é que se estaba tan seguro dos seus argumentos e da resolución porque non deixa ir adiante a apelación e temos unha resolución firme en segunda instancia.

O Sr. alcalde di que omite vostede con intencionalidade que ditou esa resolución o día 11 de agosto, é un matiz moi importante, supoño que a vostede igual que a min o 30 de xullo tiven coñecemento da sentenza do día 24, se vostede espera ata a véspera da Moción de censura, explique as súas razóns, porque eu se estivera no seu sitio os primeiros días de agosto ditara a resolución e notificaría para que tivese efecto, eu que son o afectado loxicamente, e vista a sentenza o que non queriamos e estar outros seis meses ou un ano esperando a que se confirmara a apelación, non queriamos dilatar o tema; teño absoluta confianza nos nosos argumentos po iso fomos ao contencioso e por iso nos deron a razón. Vostede se quere probar o duro que é litigar, vaia vostede ao contencioso contra esa resolución se o considera oportuno, loxicamente non vou botar pedras contra o meu tellado.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que non é por rebaterlle, pero o decreto non é apelable.

O Sr. alcalde di que por suposto que o Decreto que ditamos nos é apelable.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que o decreto non é recorrible, se estaba tan seguro deixara que se resolvese en segunda instancia.

O Sr. alcalde di que é unha cuestión de prazos e de tempos que non nos interesa dilatar.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao pregunta:

1. Por novembro de 2023 trouxen unha moción sobre o antigo campo de fútbol de Prevediños para a súa limpeza e adecentamento que creo que se aprobara, pero non se executou, a pregunta é se este novo goberno vai a levar a cabo a limpeza e adecentamento dese campo.

O Sr. alcalde di que pensa que se o teñen que impoñer como obriga, porque estamos pedindo a xente que xestione a biomasa e podemos empezar por dar exemplo. Curiosamente temos unha petición dunha propietaria dunha vivenda pegada ao campo de fútbol, en relación cuns pinos que ai alí. Por suposto que o faremos, non me comprometo a un prazo pero seguramente a inicios do ano 2026 se fará xunto co arranxo do camiño de subida que está fatal .

2. Pregunta polos puntos de luz do último tramo que vai a igrexa de Prevediños, xa o trouxen como rogo varias veces, se comprometeu o anterior goberno a analizalo e poñelos. Pregunto se se vai a facer ou non.

O Sr. alcalde di que a nosa intención é cambiar a led todos os alumeados, e non facelo en función das solicitudes individuais. Meterémolo nun proxecto de conversión a led, no POS ordinario do 2026 propoñeremos isto e trataremos de meter eses puntos e deixar as parroquias completas por zonas. Nos comprometémonos a estudar todas as propostas que fagan sobre estes asuntos e se imos ter un montante importante co POS 2026 e 2025 se realmente se concreta aproveitaremos para facer estas cousas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

3. Pregunta se teñen a intención de facer a ponte sobre o río Lañas, na súa desembocadura, que quedou destruída, perdéronse subvencións no seu momento.

Un dos problemas que se plantexou nestes anos, e vexo que ben que se intente coa subvención pero se nos se nos concede e o investimento é necesario fagámolo cos fondos municipais. Non se pode condicionar a obtención das subvencións, esta é unha filosofía nosa, esperemos que a terceira vaia a vencida.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.02 horas do 9 de outubro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: 6liCgsGCdumHZVYzF0yP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/